

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

**CENTRO: CEIP SOUTELO DE MONTES**  
SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL  
DATA: 6 / MAIO / 2020

## ÍNDICE

**1.- Obxectivos e criterios de avaliación.**

**2.- Avaliación e cualificación.**

**3.- Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

**4.- Información e publicidade.**

1. Obxectivos e criterios de avaliación	
Criterio de avaliación	Obxectivos
Recoñece, identifica e pon exemplos sinxelos dalgúns servizos comunitarios.	Observar e explorar o seu entorno familiar, natural e social.
Resolve con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colabora en tarefas e acepta as normas.  Manifesta hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
Identifica e manifesta os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprende os das demais persoas.	Desenvolver as súas capacidades afectivas.
Utiliza a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e con persoas adultas, segundo as intencións comunicativas.	Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.  Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
Identifica, conta, clasifica, informase e ordena elementos da realidade, aproximándose ao seu valor notacional e conceptual.  Goza compartindo a escoita e a lectura en voz alta de textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas...  Comprende mensaxes orais diversas, mostrando unha actitude de escoita atenta e respectuosa.	Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.
Manifesta interese e gusto polo xogo, o movemento, o ritmo...	

	Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
Utiliza, na medida das súas posibilidades, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación como vehículo de expresión e comunicación.	Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

<b>1. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>(1) Procedementos:  Envío telemático de tarefas diversas das tres áreas de coñecemento.  Observación e análise por medio de fotos e/ou vídeos do resultado das tarefas propostas, xerais e de avaliación.  Chamadas e videochamadas.  Correo postal.</p> <p>(2) Instrumentos:  Conversación dirixidas vía telemática.  Fotos e/ou vídeos, chamadas telefónicas, correo electrónico, correo postal dirixido ao centro.  Registro de observacións do material enviado (sen dificultade, en proceso, con dificultade) e da participación nas propostas (sempre, medio, case nunca).</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>(3) Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:  A avaliación segue a ser global, continua e formativa pero neste trimestre cambiamos a observación directa pola comprobación, a través dos medios empregados, da implicación do alumnado nas tarefas propostas e do grado de desenvolvemento das mesmas.  Así mesmo estes resultados serán empregados para manter ou mellorar os rexistros existentes.</p>

<b>2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	Lóxico-matemáticas: conteo, pre-cálculo, identificación numérica Actividades Lingua G. e C.: pre-escritura, comprensión oral, grafías. Autonomía personal: tarefas da casa Expresión artística: debuxo, collage Psicomotricidade: deportes, xogos, circuitos Música: cancións, xogos musicais Inglés: vídeos de cancións
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	O profesorado envía de forma telemática suxerencias, tarefas e explicacións. Todas as familias están conectadas. Á hora de propoñer actividades téñense en conta os recursos de que dispoñen as familias nas súas casas. Ademais, úsase o propio hogar como un recurso para fomentar hábitos e rutinas de comportamento e convivencia. Para o alumnado con Necesidades Específicas adáptanse individualmente as actividades xerais e refórzanse con actividades específicas elaboradas polo Departamento de Orientación.
<b>Materiais e recursos</b>	Materiais que temos todos e todas na casa. Vídeos Imaxes Teléfono

<b>3. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	A comunicación co alumnado levámola a cabo a través de distintos medios: Correos electrónicos, videochamadas. Prefirible chamadas telefónicas. Todos dispoñen do número da titora.
<b>Publicidade</b>	A programación está a disposición das familias na páxina web do centro.